



CONCELLO DE REDONDELA

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2023 – NADAL –	BASES

Primeira.- Obxecto.

A Concellería de Igualdade do Concello de Redondela organiza o *Programa municipal de conciliación 2023 – Nadal*, coa finalidade de proporcionar un recurso socio comunitario de apoio ás familias que permite e favorece a conciliación de responsabilidades familiares e laborais, permite integrar e posibilitar ao conxunto da poboación infantil o acceso ao mundo das actividades e o obxecto lúdico e traballa dende unha perspectiva preventiva onde se poden detectar necesidades da poboación infantil.

Segunda.- Calendario.

O servizo prestarase durante os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2023 e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2024.

O horario será de 09:00 a 14:00 horas e non poderá ser modificado, salvo causa xustificada e aceptada polo Concello de Redondela.

Terceira.- Poboación destinataria.

A poboación destinataria do Programa son menores, preferentemente empadroados/as en Redondela, con idades comprendidas entre os 3 e 12 anos, incluíndo ás/aos menores que teñan a idade esixida no momento de publicación da convocatoria.

No caso de menores con necesidades educativas especiais avaliarase cada solicitude de maneira individual.

Cuarta.- Centros e prazas ofertadas.

O número de prazas ofertadas para esta convocatoria son 180, coa seguinte distribución:

CENTRO	PRAZAS
CEIP Plurilingüe Porto Cabeiro.	15 prazas
CEIP Plurilingüe de Cedeira.	15 prazas
CEIP Plurilingüe Outeiro das Penas.	30 prazas
CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda.	45 prazas
CEIP Plurilingüe Quintela.	15 prazas
Pavillón de Reboreda.	15 prazas
Conservatorio Municipal de música "Víctor Ureña".	45 prazas

As prazas para as/os menores con necesidades educativas especiais están ubicadas nos centros de Redondela (Conservatorio Municipal de música "Víctor Ureña") e de Chapela (CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda).

Quinta.- Procedemento de inscrición.

A documentación desta convocatoria publicarase na páxina web municipal e poderase solicitar en formato papel no edificio municipal do Concello de Redondela ou nas oficinas do Centro de información á muller (CIM).

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello.

O prazo para a presentación de solicitudes será do 20 de novembro ao 1 de decembro, ambos dous días incluídos.

Sexta.- Documentación a presentar para tramitar a solicitude de participación.

A documentación a presentar para tramitar a solicitude de participación no Programa é a seguinte:

- Ficha de inscrición.
- Fotocopia de DNI da/o menor, da nai e do pai ou da/o representante legal.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da última nómina da nai e do pai ou da/o representante legal.
- Fotocopia do recibo de cota de autónomo e modelos 130, 131 e 303 da nai e do pai ou da/o representante legal.
- Fotocopia da resolución de prestación da nai e do pai ou da/o representante legal.
- Sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente da/o menor.



Presentarase fotocopia da documentación esixida sen alteración algunha (borrado, tachado, recorte...). En caso contrario, non será tida en conta para a valoración da solicitude.

Sétima.- Adxudicación de prazas.

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación de persoas admitidas publicárase na páxina web do Concello de Redondela.

Oitava.- Obrigas das familias.

Os teléfonos de contacto recollidos na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo dende o momento da presentación da solicitude ata o remate do Programa. No caso de producirse algún cambio dos números de contacto deberase comunicar esta circunstancia inmediatamente no Centro de información á muller (CIM).

As/Os menores unicamente poderán saír con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición no apartado *Persoas autorizadas para a recollida da/o menor*.

As/Os menores deberán levar merenda para a media mañá e acudir con roupa e calzado cómodo para facilitarlles a realización dos xogos de movementos.

As faltas de asistencia deberán ser comunicadas e xustificadas, no seu caso, ao monitorado ou no Centro de información á muller (CIM).

Calquera aviso, incidencia ou información sobre a/o menor deberá comunicarse ao monitorado ou no Centro de información á muller (CIM) a través do teléfono 986 40 80 43.